José Antonio Varela Doval, secretario accidental do concello de Abegondo ( A Coruña)

**NOTIFÍCOLLE** que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de xullo de 2010, adoptouse o seguinte acordo:

**TERCEIRO.- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO SERVIZO DE TRANSPORTE INTRAMUNICIPAL DO CONCELLO DE ABEGONDO**

Vista a proposta da mesa de contratación de data 24 de xuño de 2010, a Xunta de goberno local, por unanimidade acorda:

**Primeiro.- adxudicar provisionalmente** o servizo de transporte intramunicipal no Concello de Abegondo

- **Servizo de transporte intramunicipal no Concello de Abegondo**
  - **Prezo de licitación 31.517,92 euros (ive incluído )**
  - **A empresa Antonio Vázquez S.A.**
  - **Prezo de adxudicación, ofertado polo contratista:**
    - Prezo sen ive: 22.446,65.--
    - Ive: 1.571,27-
    - **Prezo con ive: 24.017,92.-.euros por ano**

**Segundo- Obxecto do contrato : " servizo de transporte intramunicipal no Concello de abegondo"** , todo segundo o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que rexirán a contratación , e segundo a oferta do contratista presentada

**Terceiro.-** A execución do contrato farase segundo se recolle no prego de cláusulas administrativas particulares . E segundo a oferta do contratista na medida en que non contradiga o prego de cláusulas administrativas particulares nin o prego de prescripcións técnicas

A execución, cumprimento, modificación e resolución do contrato rexirase polo establecido na Lei 30/07, 30 de outubro, de contratos do sector público

**Quinto.-Lugar de execución : "Servizo de transporte intramunicipal no Concello de Abegondo" :** No Concelo de Abegondo

**Sexto .-Prazo de execución** Segundo a oferta do contratista : 4 anos, admitindose duas prórrogas, prazo máximo do servizo 6 anos.

**Sétimo.-Prazo de garantía** : segundo o establecido no prego de cláusulas administrativas particulares establece un plazo de garantía dun ano, dende a finalización do servizo

**Oitavo.**- Someter a publicidade esta adxudicación provisional, por prazo **de quince días hábiles** (artigo 135 da Lei 30/07, LCSP, no perfil do contratante, notificar aos licitadores e requirir ó adxudicatario para que , no mesmo prazo que antecede presente a seguinte documentación:

1.- Acreditación de encontrarse ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, mediante a presentación de certificacións expedidas polos órganos competentes

2..- Deberá depositar a cantidade do 5% do prezo de adxudicación provisional (IVE excluído) , en_concepto de garantía definitiva, por calquera dos medios aos que se refire o artigo 84 da LCSP

Non se presentou previamente garantía provisional, por non esixirse no prego de cláusulas administrativas particulares

**Noveno.-** Este acordo de adxudicación provisional será elevada a definitivo de conformidade co establecido no artigo 135 da Lei 30/07, 30 de outubro, de contratos do sector público, unha vez que o adxudicatario provisional presente a documentación requirida na adxudicación provisional

Está facultado o Alcalde para a firma e formalización do contrato

Contra este acto, que pon fin á vía administrativa, poderá vostede interpoñer, directamente un recurso contencioso-administrativo, segunda Lei 29/98 de 13 de xullo de xurisdición contencioso administrativa, durante o prazo de dous meses, que contan a partir do día seguinte á notificación do presente escrito. Igualmente con carácter potestativo, poderá interpoñer, ante o mesmo órgano que ditou este acto, un recurso administrativo de reposición no prazo dun mes, que contan a partir do día seguinte a esta notificación, conforme ó disposto nos art 116 e 117 da lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen poder simultanear ambas.

Abegondo 19 de xullo de 2010
A secretario accidental

Asdo. José Antonio Varela Doval